

Instalación de DrupalEd

mancomun.ORG 

Iniciativa Galega polo Software Libre

Instalación de DrupalEd

Descargar DrupalEd

Primeiro é preciso descargar a versión de DrupalEd do seguinte enderezo:

<http://drupaled.alphabetademo.org/files/drupaled-5.2.tar.gz>

Despois da descompresión nun directorio dentro do DocumentRoot do Apache pódese comprobar que non deixa de ser unha distribución máis de Drupal con instrucións e módulos personalizados.

Instalación limpa de Drupal

Antes de proceder coa instalación de DrupalEd é necesario ter unha instalación previa de Drupal. Os pasos de instalación pódense seguir dos manuais de Drupal:

<http://drupal.org/node/43767>

Instalación e baleirado da base de datos

Despois dunha instalación típica de Drupal é necesario eliminar tódalas táboas para incorporar a base de datos que vén con DrupalEd no directorio “instructions”.

Para facilitar este traballo phpmyadmin conta con operacións que pode realizar sobre un conxunto de táboas. As operacións dispoñibles sobre varias táboas simultaneamente son as que estan na lista na parte inferior do menú de “**Estrutura**” da base de datos que teñamos seleccionada. Ao seleccionar varias táboas poderemos executar as seguintes operacións:

- Borrar, baleira os datos das táboas
- Eliminar, elimina fisicamente a táboa da base de datos
- Visualización previa de impresión
- Verificar a táboa
- Optimizar a táboa
- Reparar a táboa
- Analizar a táboa

Neste caso precísase eliminar todas as táboas, co cal premendo en “**marcalos todos**” seleccionaranse todas as táboas. De seguido selecciónase a operación que se desexa levar a cabo. Na seguinte imaxe vese o proceso a seguir:

Despois de importar a base de datos de DrupalEd hai un total de 102 táboas nas que xa veñen configuradas as características propias.




Ilustración 4: Táboas de DrupalEd

Configuración da conta de DrupalEd

Ao importar a base de datos xa se inclúe un usuario administrador que ten a seguinte configuración:

Usuario administrador (UID1): *admin*
Contrasinal: *ineedachange*

Unha vez rexistrados no sistema deberemos proceder a cambiar estes valores inmediatamente.

<http://localhost/drupaled/?q=user/1/edit>

Site Content

- [Bookmarks](#)
- [All Content](#)
- [Search Groups](#)
- ▼ [All Wiki Pages](#)
 - [Getting Started](#)
 - [Creating Courses](#)
 - [Site Roles](#)
 - [View Content By User](#)

User account

[Create new account](#)[Log in](#)[Request new password](#)**Username: ***

Enter your DrupalEd username.

Password: *

Enter the password that accompanies your username.

Ilustración 5: Login en DrupalEd

Despós de cambiar a configuración da conta de administrador xa poderemos comezar a traballar con DrupalEd.



<http://creativecommons.org/licenses/by/2.5/es/legalcode.g>